



ASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DOS PREMIOS CORRESPONDENTES O DESFILE - CONCURSO TRADICIONAL DO MERCADO DO CONCELLO DE O VALADOURO DO ANO 2020.

CAPÍTULO 1.- LOCALIZACIÓN DO CONCURSO

Primeira. ORGANIZACIÓN

A organización do concurso corre a cargo do Concello de O Valadouro, co seguinte enderezo: Feira Nova, 1 27770 (Ferreira) de O Valadouro)

Segunda. UBICACIÓN

1.-Espacial.

No escenario da praza de Santa María de Ferreira desenvolveranse os concursos-desfiles de zocas. A inscrición terá lugar na mesma praza ou no punto de información da organización, dentro do horario exposto ao público

2.-Temporal.





O concurso e desfile de celebrarse o, 28 de marzo de 2020 a partires das 13:00 h.

CAPÍTULO 2.- DOS PARTICIPANTES.

Primeira. Participantes e modalidades de inscrición.

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, pertencentes ou non ó concello que o convoca; de dentro ou fóra dos límites municipais do pobo onde se organiza.

Á inscrición poderá formalizarse nalgunha das categorías seguintes:

ZOCAS,

Infantil NENO: nesta categoría participarán nenos ata 15 anos.(Cumpridos a 1 de xaneiro de 2020)

Infantil NENA nesta categoría participarán nenas ata 15 anos. (Cumpridos a 1 de xaneiro de 2020)

Adulto MASCULINO: nesta categoría partiparan homes de máis de 16 anos (Cumpridos a 1 de xaneiro de 2020)





Adulto FEMININO: nesta categoría encádranse mulleres de máis (Cumpridos a 1 de xaneiro de 2020)

CAPÍTULO 3º.- DO XURADO

Primeira.- Composición e funcións do xurado

- 1º O xurado será convocado pola concelleira de Cultura do concello de O Valadouro.
- 2º A función do xurado será a de puntuar a cada un dos participantes no concurso para a posterior entrega dos premios.
- 3º Os membros do xurado actuarán libremente, por decisión propia sen intermediación de terceiros.

Segunda.- Normas de puntuación.

- 1º Para a puntuación dos concursantes valoraranse tres aspectos relevantes: .

ZOCAS

1.1º *Orixinalidade da zoca*

1.2º *Traballo de elaboración e decoración das zocas.*





1.3º *Xeito de desfilar*

2º A través dunha táboa de puntuacións entregada con anterioridade ao concurso a cada membro do xurado, levarán a cabo a valoración de cada un dos concursantes. Para isto puntuarán de 0 a 5 cada aspecto a ter en conta, sendo 0 a puntuación máis baixa e polo tanto a máis negativa e 5 a puntuación máis alta e polo tanto máis positiva.

3º En caso de empate entre dous ou máis concursantes, (coa mesma puntuación), desempataríase co participante que conte puntuacións parciais máis altas e de seguir empatado, abriríase un debate entre os membros do xurado para chegar a unha posible resolución. De non ser posible e sempre como última medida, levarase a cabo un sorteo entre os concursantes empatados.

4º O xurado, sempre que o número de participantes o permita, deberá propor por cada categoría ós premiados e a dous reservas para o caso de que algún dos premiados non puidera recoller o seu premio ou ben na fase de entrega se comprobase que non reúne as condicións establecidas para participar na correspondente categoría.

5º O xurado gárdase a posibilidade de que quede algún premio vacante, no caso de que non vexa a ningún dos concursantes merecedor de dito premio.

CAPÍTULO 4.- PREMIOS

Primeira.-Dotación e categorías dos premios.

Cada categoría terá un único gañador levando como premio un trofeo que o acredite como tal





Segunda.- Da entrega dos premios.

Os gañadores dos premios coñeceranse en acto público no transcurso da sesión vermú.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Calquera persoa que queira participar no concurso ten dereito a poder acceder a estas bases e facer calquera consulta que considere oportuna.

Asimesmo, estas bases estarán publicadas na paxina web do concello de O Valadouro, na sede electrónica do concello de O Valadouro, no taboleiro de anuncios do centro socio-cultural, xuvenil e da terceira idade “Manuel Lourenzo” e no taboleiro de anuncios do concello de O Valadouro.

A participación no concurso implica directamente a aceptación destas normas. O non cumprimento delas desencadearía na exclusión e non participación no concurso do individuo ou individuos que non cumpriran estas.

O Valadouro, a 9 de marzo de 2020

A Concelleira de Cultura.

Asdo. Josefina Geada Losada

